

## **CRITERIOS DE PROMOCIÓN E TITULACIÓN BACHARELATO**

### **1º DE BACHARELATO**

- O ALUMNO QUE TRAS A CONVOCATORIA DE SETEMBRO SUSPENDA UNHA OU DÚAS MATERIAS, PROMOCIONARÁ CON ELAS PENDENTES, DEBENDO EXAMINARSE NO CURSO SEGUINTE.
- O ALUMNADO QUE EN SETEMBRO TEÑA MÁIS DE DÚAS MATERIAS PENDENTES REPETIRÁ O CURSO NA SÚA TOTALIDADE.
- OS ALUMNOS QUE EN PRIMEIRO SUSPENDAN 3 OU 4 MATERIAS REPETIRÁN O CURSO COMPLETO PERO NAS MATERIAS APROBADAS CONTABILIZARÁSELLE A MAIOR DAS DÚAS NOTAS ACADADAS. EN CALQUERA CASO, ESTE ALUMNADO ESTARÁ SUXEITO AOS MESMOS DEREITOS E OBRIGAS QUE O ALUMANDO QUE SE MATRICULA POR PRIMEIRA VEZ NO BACHARELATO E A CUALIFICACIÓN DE MATERIAS XA SUPERADAS OUTORGARASE NA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA.
- O ALUMNADO QUE DEBA REPETIR O PRIMEIRO CURSO PODERASE MATRICULAR EN CALQUERA DAS MODALIDADES OFERTADAS NO CENTRO, SEN QUE ESTEA CONDICIONADO POLAS MATERIAS CURSADAS ANTERIORMENTE.
- O ALUMNADO QUE ESTEA EN CONDICIÓNS DE PASAR A 2º CURSO E TEÑA AVALIACIÓN NEGATIVA NA MATERIA OPTATIVA DE PRIMEIRO PODE OPTAR POR RECUPERALA OU SUBSTITUILA POR OUTRA MATERIA OPTATIVA.

### **2º DE BACHARELATO**

- OS ALUMNOS QUE, UNHA VEZ REMATADA A CONVOCATORIA DE SETEMBRO, SUSPENDAN ALGUNHA/S MATERIA/S PODERÁN OPTAR POR: MATRICULARSE DE ELA/S SEN TER QUE CURSAR AS MATERIAS XA SUPERADAS OU MATRICULARSE DO CURSO COMPLETO. NESTE CASO, NAS MATERIAS APROBADAS CONTABILIZARÁSELLE A MAIOR DAS DÚAS NOTAS ACADADAS
- PARA OBTER O TÍTULO DE BACHARELATO DEBEN TERSE APROBADAS TODAS AS MATERIAS COMÚNS; 6 MATERIAS PROPIAS DE MODALIDADE, TRES DE PRIMEIRO E TRES DE SEGUNDO, E DÚAS OPTATIVAS
- A NOTA DO EXPEDIENTE SERÁ A MEDIA DE TODAS AS MATERIAS CURSADAS NOS DOUS ANOS DO BACHARELATO, AGÁS A DE RELIXIÓN OU ALTERNATIVA QUE NON COMPUTAN PARA FACER A MEDIA.
- A NOTA DO EXPEDIENTE SUPÓN UN 60% DA NOTA FINAL DAS PAAU
- A PERMANENCIA MÁXIMA EN BACHARELATO É DE CATRO CURSOS ACADÉMICOS.